



Concentración en Lugo contra a violencia machista e o feminicidio o pasado mes de decembro.

## —Análise

# O medo e a culpa



### Lola Varela

Profesora experta en coeducación

Nestes días estou a colaborar nun deses cursos de formación inicial en Igualdade para o profesorado en prácticas, aprobado no Decreto 70/2017, sendo un caso único esta formación dentro do Estado español. Nalgún dos textos cos que contamos neste curso para profundar nos diferentes tipos de violencia de xénero e as súas causas, lin a información, coñecida pero aterradora, apuntan que os datos rexistrados sobre a violencia contra as mulleres, sendo moi graves, non dan conta da magnitude real do problema principalmente por dúas razóns:

A maioría das situacións de violencia de xénero non se

computan. Só se rexistran oficialmente como tales as producidas en contextos de parellas e ex parellas, conforme a lexislación vixente. Quedan fóra todas as vítimas de autor descoñecido e de autor sen relación coa vítima, as vítimas da prostitución e da trata, ou as vítimas dunha agresión acontecida no círculo de proximidade (amizades, familia) da muller.

### Vergoña e temor

Na maioría dos casos non existe denuncia, polo que non chegan ao coñecemento das autoridades policiais e xudiciais e non transcenden á opinión pública. Segundo o portal de estatística da Delegación do Goberno central para a Violencia de Xénero, en máis da metade dos casos de morte non houbo denuncia previa. Asemade, estas situacións tardan en se visibilizar canto maior é a idade da vítima e o tempo de convivencia.

En Galicia, segundo cifras do Ministerio da Presidencia (2019), as mulleres vítimas de violencia de xénero tardan unha media de sete anos e dous meses en verbalizar esa violen-

## — As mulleres vítimas de violencia de xénero tardan unha media de sete anos e dous meses en verbalizar esa violencia, segundo cifras do Ministerio

cia. As razóns que se alegan son de distinto tipo: medo á reacción do agresor (50%), crer que o podía resolver soa (45%), non se recoñecer como vítima (36%), sentirse culpable e responsable da situación (32%), pena cara ao agresor (29%), falta de recursos económicos (28%), vergoña (28%), pensar que non ía ser quen de saír adiante (23%), non saber como pedir axuda (21%), medo ao procedemento xudicial (19%), falta de apoio familiar e social (18%), medo á familia (16%), crer que non a poderían axudar (15%), pensar que non a ían crer (13%), medo á reacción dos fillos ou fillas (11%). O medo e a culpa como principais razóns dese silencio.

Lembrei entón o traballo da psicóloga arxentina Florencia Elisa Farías *El sentimiento de culpa en mujeres víctimas de maltrato*, onde comenta que os roles de xénero explican esta situación. A sociedade occidental é androcentrista e patriarcal, e fai do masculino un valor universal positivo. O xénero, como construción cultural que se crea na sociedade a partir das dife-

renzas biolóxicas, conforma aptitudes, roles sociais e actitudes diferenciadas para homes e mulleres. Ademais, as persoas desde o comezo da súa vida van incorporando por socialización e identificación os valores asignados a un e ao outro xénero e conformando unha conciencia moral e unha forma de posicionarse ante o outro. Así o sometemento das mulleres vítimas de violencia pode ser explicado polos mandatos de xénero: hai que aguantar o que sexa e soste un amor eterno, por dependencia emocional, por sobrevaloración do home, por non desagradar ao contorno familiar e por sentirse culpable.

### Maltrato psicolóxico

Que papel xoga a culpa para manter este tipo de relación? Por que un golpe pode chegar a ser considerado un signo de amor? Como é posible consentir que os fillos e fillas presencien escenas de violencia, de humillación? Porqué non os denuncian e fantasean cunha mudanza que nunca chega? É preciso coñecer as determinacións inconscientes que atrapan á muller, unha e outra vez, nunha dependencia amorosa acompañada de maltrato: ela, se ben é vítima da violencia do home, é, posiblemente, tamén vítima da súa propia posición subxectiva.

O maltrato psicolóxico consiste na anulación da identidade da vítima a través da humillación e a culpabilización sistemática, reiterada, permanente. Esta estratexia destrutiva consiste en convencer de que todos os problemas cotiás son pola súa culpa.

A muller, ao situarse como obxecto do desexo masculino, vólvese máis dependente dos sinais de amor da súa parella. A desaparición do amor ten un efecto depresivo que lle fai crer que perde parte de si mesma e que "xa non é nada". A muller maltratada nega a súa subxectividade para adaptarse ás demandas da parella e considera que a dependencia dun home maltratador pode ser máis tolerable que o baleiro interior tras a separación. Esa dependencia patolóxica estaría vinculada co sentimento de ser necesaria e imprescindible para el, xuntos por amor, aínda que